



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Planificación Financeira | Código | 611G02034 | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | GalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Empresa | | | |
| Coordinación | Calvo Silvosa, Anxo Ramon | Correo electrónico | anxo.calvo.silvosa@udc.es | |
| Profesorado | Calvo Silvosa, Anxo Ramon Fernández Castro, Alejandro Manuel Fernandez Castro, Angel Santiago Llano Paz, Fernando de | Correo electrónico | anxo.calvo.silvosa@udc.es alejandro.fernandezc@udc.es angel.fernandez.castro@udc.es fernando.de.llano.paz@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia forma parte do conxunto de materias de finanzas. O obxectivo é trasladar aos estudantes un visión xeral do proceso de planificación financeira a través dun modelo de elaboración de estados financeiros previsionais. Este modelo permitirá avaliar a viabilidade do plan así como a súa capacidade de xeración de valor para o accionista. É unha materia de gran contido práctico que utilizará conceptos e contidos procedentes doutras áreas. | | | |



| | |
|-----------------------------|--|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá modificación nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas as previstas no plan inicial pero desenvolveranse online.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Todas as previstas no plan inicial pero desenvolveanse online.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Desenvólense online.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>A avaliación continua desenvolverase online.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Se for posible, o exame final sería presencial. Se non, fariase online.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non haberá modificacións.</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades. |
| A2 | Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada. |
| A3 | Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa. |
| A4 | Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados. |
| A5 | Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa. |
| A6 | Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido. |
| A8 | Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais. |
| A9 | Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo o seu desempeño profesional. |
| A10 | Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés |
| A11 | Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos. |
| B1 | CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo |



| | |
|-----|--|
| B3 | CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais |
| B7 | CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización |
| B8 | CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas. |
| B9 | CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados |
| B10 | CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|---|----------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Comprender a importancia da planificación xeral e financeira no proceso de xestión empresarial. | A1 A4 A5 A6 A8 A11 | B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B10 | C5 |
| Profundar na lóxica da valoración financeira | A3 A4 A5 A6 A8 A9 A11 | B1 B5 B7 B9 | C8 |
| Aprender as bases da modelización no ámbito da planificación financeira, comprendendo as relacións existentes entre os conceptos e e os diferentes estados financeiros previsionais. | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A11 | B3 B5 | C5 C6 C7 C8 |



| | | | |
|---|-----|----|----------|
| Ser capaz de elaborar, transmitir e defender un plan de empresa a partir dos modelos de planificación financeira e usando as ferramentas informáticas comúns no ámbito empresarial. | A1 | B4 | C1 |
| | A5 | B6 | C4 |
| | A6 | B8 | C5 |
| | A10 | | C7 C8 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1. Creación de valor na empresa e Dirección Baseada no Valor. | 1.1.O obxectivo da planificación financeira: a creación de Valor 1.1.1.A medida do valor: fluxos de caixa descontados e outras medidas 1.1.2 Estratexia e creación de valor 1.2. O proceso de planificación financeira |
| TEMA 2. O Estado Previsional de Recursos Xerados | 2.1.Introdución ao Estado Previsional de Recursos Xerados 2.2 A orixe dos recursos xerados 2.3 Os usos do recursos xerados 2.3.1 Política de amortizacións técnicas 2.3.2 Política de dividendos 2.3.3 O autofinanciamento |
| TEMA 3. A planificación do Capital Corrente | 3.1. Introdución ao estado previsional de Necesidades Netas do Capital Corrente. 3.2. Políticas de Capital Corrente 3.2.1 existencias 3.2.2 Clientes 3.2.3 Tesouraría operativa 3.2.4 Financiamento a curto prazo. |
| TEMA 4. O Orzamento de Capital | 4.1. Orzamento de capital: concepto, usos e estrutura 4.2. Orzamento de Investimentos 4.3. O Orzamento de Financiamento. Estrutura óptima de capital. 4.4 Implicacións financeiras |
| TEMA 5. O Orzamento de Tesouraría | 5.1. Introdución 5.2. Estrutura e contido 5.3. Políticas de Tesouraría |
| TEMA 6. Análise global e control do Plan Financeiro | 6.1 Análise global 6.2 Control do Plan Financeiro 6.2.1. Control a priori 6.2.2. Control a posteriori |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A10 A11 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | 17 | 17 | 34 |
| Estudo de casos | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C5 C6 | 25 | 75 | 100 |



| | | | | |
|--|---|---|---|---|
| Prácticas a través de TIC | A1 A3 A4 A5 A8 A9 A11 B3 B4 B5 B7 B9 C5 | 4 | 4 | 8 |
| Proba mixta | A1 A3 A4 A6 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 C1 | 2 | 2 | 4 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Nas sesións maxistrais exporanse os contidos teóricos do temario da materia facendo especial fincapé naqueles asuntos de máis difícil comprensión. Empregaranse tecnoloxías como a presentación electrónica, a folla de cálculo... |
| Estudo de casos | Proporase ao alumnado unha colección de casos para que sexan resoltos de maneira individual ou en grupo. Para a resolución deberán empregar como ferramenta básica a folla de cálculo. Esta metodoloxía forma parte da avaliación continua. |
| Prácticas a través de TIC | Desenvolvemento e implantación de modelos de análise a través de follas electrónicas. Progamaranse sesións con orientación ao traballo en grupo. |
| Proba mixta | Esta proba consistirá nun conxunto de cuestións de formato diferente sobre os aspectos teóricos, exercicios prácticos e casos vistos durante o desenvolvemento da materia. |

| Atención personalizada | |
|--|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Estudo de casos Sesión maxistral Prácticas a través de TIC | A atención personalizada terá lugar durante o tempo de titorías individuais e en pequeno grupo. Atenderase de forma persoal ou en pequeno grupo a aqueles alumnos/as que precisen clarificar aspectos teóricos expostos durante as sesións maxistrais ou prácticos vinculados á resolución de problemas, ao estudo de casos prácticos ou ás lecturas recomendadas. Desenvólvense online. |

| Avaliación | | | |
|-----------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Estudo de casos | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C5 C6 | Os alumnos discutirán e resolverán os casos que os docentes lles propoñan durante o cuadrimestre. Haberá dous casos a través dos que se estruturará a docencia e dos que poderán derivarse minicasos suxeitos a valoración. A avaliación continua centrarase no estudo de casos. | 30 |
| Proba mixta | A1 A3 A4 A6 A8 A9 A10 A11 B1 B2 B3 C1 | Os alumnos someteranse a unha proba mixta durante o período oficial de avaliación. Esta proba consistirá nunha serie de cuestións de formatos diversos orientada a valorar en que medida foron adquirindo os resultados da avaliación que se pretenden nesta materia. | 70 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.
2. Identificación do estudante: O estudante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.
2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, malia que estean exentos de asistencia, serán avaliados seguindo os mesmos criterios que os estudantes a tempo completo.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente indicados nesta sección.
2. Segunda oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente indicados nesta sección.
3. Convocatoria adiantada: As condicións de avaliación da Oportunidade Adiantada (art. 19 das Normas de Avaliación, Revisión e Reclamacións das Cualificacións dúas Estudos de Grao e Mestrado Universitario) serán específicas para esta oportunidade. Esta será avaliada por medio dunha proba mixta que suporá o 100 % da cualificación final. Esta proba mixta será deseñada de maneira singular e específica para valorar en que medida o/a estudante adquiriu os resultados da aprendizaxe aos que se fai referencia na presente guía.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

Avaliación continua: Con carácter xeral, as actividades de avaliación continua serán valoradas cando leven a cabo de acordo coa programación prevista do grupo correspondente. No cálculo da avaliación continua serán consideradas o tres mellores puntuacións do catro probas realizadas ao longo do período docente. Cada proba valerá un punto.

Adicionalmente, a participación en actividades complementarias programadas (conferencias, seminarios, etc.) poderá engadir até medio punto á suma das cualificacións do exame e da avaliación continua. En todo caso, o máxima puntuación que se pode obter será dez puntos.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Arnold, G. (2008). Corporate Financial Management. Prentice Hall, Harlow, 4th Ed.
- Asch, D.; Kaye, G.R. (1989). Financial Planning. Modelling Methods and Techniques. Kogan Page, Londres
- Berk, J.; DeMarzo, P. (2017). Finanzas Corporativas. Pearson
- Brealey, R.; Myers, S.; Allen, F. (2010). Principios de Finanzas Corporativas. McGraw-Hill, 9ª Ed.
- Durbán, S.; Irimia, A.I.; Oliver, M.D.; Palacín, M.J. (2009). Planificación financiera en la práctica empresarial. Ediciones Pirámide, Madrid.
- Fernández, P. (1999). Valoración de Empresas. Gestión 2000
- Morris, J.R.; Daley, J.P. (2009). Introduction to Financial Models for Management and Planning. Chapman & Hall/CRC Finance
- Rodríguez, A. (2009). Planificación Financiera Aplicada. Tórculo Edicións, Santiago de Compostela.
- Rodríguez, A.; Iturralde, T. (2008). Modelización Financiera Aplicada. Modelos de Planificación Financiera con Excel. Delta Publicaciones, Madrid.
- Partal, A.; Moreno, F.; Cano, M.; Gómez, P. (2021). Dirección Financiera de la Empresa. Ediciones Pirámide, Madrid. (2ªEd)



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Boquist, J.; Milbourn, T.; Thakor, A. (2010). The Value Sphere. The Corporate Executives' handbook for creating and retaining Shareholder wealth. World Scientific, Singapore- Cibrán, P.; Villanueva, M.; Fernández, M.T. (2008). Planificación Financiera. Teoría y Casos Prácticos. Tórculo Edicións, Santiago de Compostela- Ruiz, R.J.; Gil, A.M. (2000). La Planificación Financiera de la Empresa. Instituto Superior de Técnicas y Prácticas Bancarias, Madrid- Rodríguez, A.; Barros, F. (2009). Planificación Financiera de Cooperativas. Modelos de Planificación Financiera de Cooperativas con Excel. Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP), USC, Santiago de Compostela.- Mascareñas, J. (2010). Finanzas para directivos. Pearson, Madrid. |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das Operacións Financeiras/611G02004

Teoría do Investimento/611G02020

Teoría do Financiamento/611G02021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos 2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade e nos comportamentos persoais e profesionais. 3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificarlos e fomentar valores de respecto e igualdade. 4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. 5. Outras: No escenario docente semipresencial, combinaríanse sesións presenciais e en liña, seguindo as instrucións da institución. O uso de dispositivos electrónicos (ordenadores, tabletas e teléfonos) na aula poderá autorizarse exclusivamente para usos académicos.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías